

Túmulos prehistóricos no Concello de Monfero

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

Continuando cunha serie de traballos que ven de publicar a nosa Asociación sobre distintos xacementos arqueolóxicos na zona do Baixo Eume, presentamos agora unha análise do fenómeno tumular no concello de Monfero (A Coruña), enfocado non só sobre o estudio do entorno e emprazamento dos túmulos, senón facendo un estudio documental das coleccións diplomáticas dos mosteiros de Monfero e Caaveiro e de calquer outro documento medieval ou contemporáneo que nos puidera proporcionar información para a localización destes xacementos. Así mesmo reflectimos cal é situación destes despois das agresións sufridas na última década.

Abstract

Continuing a series of works which have just been published by our Association on different archeological sites in the area of the Lower Eume, we now present an analysis of the tumular phenomena in the Monfero area (A. Coruña), focusing not only on the study of the surrounding area and positioning of the tumuli, but also making a documental study of the diplomatic collections of the monasteries of Monfero and Caaveiro, and of any other medieval or contemporary document which could provide us with information to locating these burial sites. At the same time we evaluate their present state after the damage suffered in the last ten years.

I-INTRODUCCIÓN

Neste traballo presentamos un estudio sobre o fenómeno tumular do concello de Monfero que se enmarca dentro dun proxecto de maior envergadura que a nosa Asociación ven desenvolvendo na zona do Baixo Eume dende hai varios anos. Deste proxecto xa foron publicados con anterioridade dous artigos, un sobre a localización de varios grupos de petroglifos¹ e outro sobre o mosteiro de San Cremenzo de Vilamateo.² A finalidade deste artigo é dar a coñecer o fenómeno tumular no concello de Monfero, para elo non só enfocamos este estudio dende o emprazamento e o entorno dos túmulos, senón que tamén realizamos un estudio documental proporcionado maioritariamente polas coleccións diplomáticas dos mosteiros de Santa María de Monfero e San Xoán de Caaveiro, que se encontran espalladas polo territorio nacional³ e que foron publicadas en distintas revistas e boletíns⁴ nunha pequena proporción. Así mesmo consultouse todo tipo de documentación medieval ou contemporánea (privilexios, foros, apeos, preitos, etc...),

***A Asociación Cultural “Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos” constituíuse en Ferrol en 1991, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico. Está formada na actualidade por 14 membros.**

1 GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS, 2004, «Gravados rupestres na comarca do Baixo Eume», *Anuario Brigantino* 2003, 26: 51-76.

2 GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS, 2003, «Mosteiro de San Cremenzo de Vilamateo», *Anuario Brigantino* 2002, 25: 87-102.

3 Arquivo do Reino de Galicia (ARG), Arquivo Histórico Municipal de A Coruña (AHMC), Arquivo Histórico Nacional (AHN), Arquivo do Museo de Pontevedra (AMP), Real Academia Galega (RAG), Arquivo Universitario de Santiago (AUS).

4 MARTÍNEZ SALAZAR, A.; LUCAS ÁLVAREZ, M.; VAAMONDE LORES, etc... Mención especial merecen a tese doutoral de RAFAEL REIGOSA LORENZO, depositada na Universidade Complutense de Madrid que non foi publicada e os diversos traballos publicados por LÓPEZ SANGIL, J.L. a quen manifestamos o noso agradecemento por deixarnos consultar dun xeito desinteresado os seus arquivos, nos que están recompilados os documentos pertencentes a estes mosteiros.

recompilando aqueles nos que se fai unha mención directa ós túmulos. En canto ás referencias bibliográficas teríamos que diferenciar dúas épocas. En primeiro lugar están as proporcionadas a principios do século XX por Cuevillas⁵ (v. Santa Mariña de Taboada) e por Hernández Sampelayo⁶ (que nomea os túmulos existentes na zona L do concello, Serra Loba e as súas estribacións). En segundo lugar están os traballos realizados a finais do mesmo século por Vaquero Lastres⁷ (que abrangue a mesma zona da Serra Loba e estribacións), o LAFC⁸ (que levou a cabo os traballos de prospección do gasoduto que atravesa o concello de Monfero SL-NO, no que se dan referencias dalgúns dos túmulos situados nas proximidades do trazado⁹) e por último as recollidas por Sobrino Ceballos e Veiga Ferreira¹⁰ nun traballo sobre as ermidas na zona da Serra da Loba-Galiñeiro.




Fig. 1. Situación do concello de Monfero.

Támén no ano 1998 a empresa Adóbrica Arqueoloxía fixo a prospección arqueolóxica do concello de Monfero (encargada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia) na que se localizaron 94 túmulos, pero da que non se publicaron os seus resultados¹¹.

II- SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O concello de Monfero conta na actualidade cunha extensión de 171'6 qm² e está delimitado administrativamente ó N cos concellos de Cabanas, A Capela e As Pontes, ó L coa provincia de Lugo (concellos de Xermade e Guitiriz), ó S cos concellos de Aranga, Irixoa e Vilarmaior e ó O cos de Vilarmaior e Pontedeume (fig. 1). Monfero está dividido en sete parroquias de O-L: Santa Mariña de Taboada, San Xurxo de Queixeiro, Santa María de Vilachá, San Fiz de Monfero, Santa Xiá de Monfero, San Pedro do Val de Xestoso e Santa María de Xestoso.

5 LÓPEZ CUEVILLAS, F., 1989, "La civilización céltica en Galicia", Madrid, Colegio Universitario-Edición Istmo.

6 HERNÁNDEZ SAMPELAYO, P., 1922-42, «Hierros de Galicia», Madrid, Gráficas Reunidas, 1922-42, Memorias del Instituto Geológico de España. Criaderos de Hierro de España, Tomo III, capítulo XV: 539-580.

7 VAQUERO LASTRES, J., 1988, *Estudo do fenómeno tumular na serra Loba e Cordal de Montouto*, Santiago: Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental (Consellería de Cultura, Xunta de Galicia), Memoria inédita, 390 páxs.

1990, *El fenómeno tumular en el interior de Galicia: consideraciones sobre el emplazamiento de los monumentos*, tese de Licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.

1991-1992, «Del análisis del emplazamiento al estudio de túmulos en el NW», *Brigantium* 1991-92, 7: 151-176.

8 LABORATORIO DE ARQUEOLOXÍA E FORMAS CULTURAIAS (LAFC), IIT, 2000, «La arqueología en la Gasificación de Galicia 8: Corrección de Impacto del Gaseoducto de Transporte Vilalba-Valga», *Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe, decembro de 2000*, nº 11, Universidade de Santiago de Compostela.

2001, «La arqueología en la Gasificación de Galicia 14: Corrección de Impacto de las redes y ramales de A Coruña», *Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe decembro de 2001*, nº 21, Universidade de Santiago de Compostela.

9 Danse referencias de algúns dos túmulos dos grupos de Anta, Lamelas, Galiñeiro (Xestoso) e mesmo do Castelo da Pluma (afastado máis de 1 km do gasoduto), non obstante non se nomean os dos grupos do Francés, ni os de Vite e Campo do Muniz-Torgal que nalgún caso atópanse a escasos 100 m do gasoduto.

10 SOBRINO CEBALLOS, J. e VEIGA FERREIRA, J.M^a., 2001, "As mámoas de Galiñeiro. Da ermida da Ascensión (Monfero) á de San Vitorio (Cambás)", *A Xanela, Outono 2001 (2ª época)*, 12: 13-15. O noso agradecemento a Juan Sobrino Ceballos, investigador infatigable que leva escudriñando as terras de Monfero nos últimos 20 anos. Grazas polas informacións facilitadas sobre os túmulos e o seu folclore.

11 O noso agradecemento a Alberto González e Susana Ricart polas informacións facilitadas.

Xeograficamente limita ó N co río Eume, polo L con parte da dorsal meridional galega (Serrón do Lobo, 700-709 m e a Serra Loba, 676-687 m), polo S coas estribacións dos Montes de Moncoso, Pico Vales (699 m) e o río Lambre. Mentres que polo O linda co río Anduriña e as estribacións do Monte do Catasol, sendo a altura máxima do concello o monte de Pena Feixa (716 m) situado na zona central do concello.

O clima é oceánico húmido con matices continentais nas zonas máis altas, invernos fríos e chuviosos e veráns secos, chegando á aridez nalgúns lugares.

Xeoloxicamente¹² o concello pertence á zona IV de P. Matte, que se caracteriza estratigraficamente pola presenza dun Precámbrico antigo formado por rochas metabásicas e outro moderno formado pola serie de Ollo de Sapo; un Ordovícico de desenvolvemento relativo e un Selúrico potente e variado, formado sobre todo por xistos. Na zona O aparece unha grande diversidade de rochas graníticas de tendencia alcalina e calcoalcalina (granito de dúas micas) que varían en idade e textura.

Estratigraficamente considéranse dous dominios, a serie Ollo de Sapo e a serie Ordes, coa presenza principalmente de gneis, xisto, cuarzo-xisto, filita e cuarcita.

III - DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DOS TÚMULOS

Non foi doado seguir un so criterio á hora de facer unha distribución dos túmulos localizados debido á grande extensión do concello de Monfero, un dos máis grandes Galicia. Ó final, para unha mellor comprensión do texto, decidimos dividir a zona de estudio por parroquias de O a L, pero esta decisión tamén presenta atrancos derivados de que algunha das parroquias ten unha extensión superior á de moitos concellos galegos, como os casos de San Fiz de Monfero con 64'3 qm² e Santa María de Xestoso con 39'3 qm². De maneira que nos atoparemos exemplos nos que algún grupo serve de linde entre varias parroquias.

En primeiro lugar nomearemos os túmulos fisicamente localizados e tamén aqueles dos que a pesar de estar destruídos, se ten unha constancia máis ou menos precisa do lugar onde se situaban. En segundo lugar aqueles dos que temos unha referencia documental, pero non foron localizados. E por último aqueles dos que temos unha referencia oral, aínda que coas nosas reservas, xa que nesta zona os veciños entenden por medoñas os castros¹³ e mesmo algún burato do terreo.

Santa Mariña de Taboada (NO do concello).

É a menor de todas as parroquias (3'1 qm²). Non foi localizado ningún túmulo, a pesar das moitas referencias obtidas tanto documental como verbalmente.

As referencias documentais atopámolos no *Interrogatorio do Catastro del Marqués de la Ensenada* onde aparecen os topónimos: Sitio da Mámoa, Sitio da Medoña, Modorra, Modoñas e Modias, pero que hoxe en día ninguén reconece por eses nomes.

Tamén encontramos unha referencia bibliográfica en Cuevillas¹⁴ na que se nomea un dolmen ou mámoa en Taboada-Pontedeume, lugar que sen dúbida se corresponde con Santa María de Taboada de Monfero. Este túmulo probablemente desapareceu.

12 Os datos xeolóxicos e estratigráficos foron tomados do Mapa Geolóxico de España 1:50000 n° 22 e 46 do I.G.M.E.

13 Sirva como exemplo o Castro das Medoñas (San Pedro do Val de Xestoso), no que se recolleu como folclore «...Cerca do castro das Medoñas, había 6 o 7 mámoas que se destruíron fai 10-12 anos (ano 1982-84), os túmulos tiñán unha altura de 2 m e un diámetro de 16'50 a 20 m...». En clara referencia ás murallas do NO do castro: «...As mámoas facían como un semicírculo, parecían que eran para defenderse...».

14 LÓPEZ CUEVILLAS, F., "La civilización..." Opus cit. lámina V, n° 3.




Fig. 2. Situación dos túmulos nas parroquias de Queixeiro e Vilachá.

Por último, as referencias orais indicáncanos que había tres túmulos que foron destruídos no ano 1962 nos lugares de As Ucheiras (O Lombo), A Chousa/Choupana e a Lagoa. Todos eles estarían moi preto entre si nas proximidades do antigo camiño real.

San Xurxo de Queixeiro (NO do concello).

Nesta parroquia localizamos un total de trece túmulos (fig. 2).

Grupo da Anta

Sitúase no Monte do Francés¹⁵, emprazado ó SL do lugar de Cabana, entre os lugares de Gulpilleira e Cartelida (próximo ó linde do concello de Vilamaior).

1.-) Anta de arriba - 1 (coordenadas UTM 573624'36 - 4804666'48, xeográficas 8° 05'27"57-43° 23'25"72).

Emprazamento (Emp.): chaira. Altitude (Alt.): 399 m. Regato máis achegado a (Reg.): 400 m. Substrato xeolóxico (Sust.): granito de 2 micas moi deformado. Terreo dedicado a (Terr.): arborado de repoboación. Medidas (Med.): 15 N-S x 16 L-O x 0'40 m de alto. Estado de conservación (Est.): malo, está moi achaiado e cortado polo L por un valado e un camiño.

2.-) Anta de arriba - 2 (coordenadas UTM 573708'62 - 4804552'56, xeográficas 8° 05'23"88-43° 23'22"00).

Emp.: chaira. Alt.: 398 m. Reg.: 300 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 25 Ø x altura que oscila entre 1'20 polo N e 1'80 m polo S. Est.: bo, está cortado por unha gabia que serve de linde fincas polo S.

¹⁵ LAFc "La arqueología...", 2001, nº 21. Opus cit. Cítanse os túmulos nº 2-4 na páx. 96 e o nº 5 nas páxs. 99-100; non obstante omítense o resto dos do grupo a pesar de estar moi próximos entre si.

3.-) Anta de arriba – 3 (coordenadas UTM 573755'81 - 4804564'91, xeográficas 8° 05'21''78-43° 23'22''38).

Emp.: chaira. Alt.: 402 m. Reg.: 350 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 23 N-S x 28 L-O x 1'80 m de alto, burato de violación 4 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: bo, a pesar de estar cortado polo N por un sendeiro.

4.-) Anta do medio - 1 (coordenadas UTM 573799'91 – 4804431'38, xeográficas 8° 05'19''89-43° 23'18''04).

Emp.: chaira. Alt.: 398 m. Reg.: 200 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 22 N-S x 21 L-O x 1'20 m de alto, burato de 7 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: regular, ten unha forte violación e está cortado polo L por un valado.

5.-) Anta do medio – 2 (coordenadas UTM 573899'71 – 4804403'60, xeográficas 8° 05'15''46-43° 23'17''10).

Emp.: chaira. Alt.: 395 m. Reg.: 300 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación e monte baixo. Med.: 27 N-S x 23 L-O x 0'80 m de alto, burato de violación de 7'50 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: malo, ademais dun gran burato central, encontrase cortado polo S e O por unha pista e cortado polo L por unha gabia que serve de linde de fincas.

6.-) Anta do medio –3 (coordenadas UTM 573910'54 – 4804389'71, xeográficas 8° 05'14''99-43° 23'16''65).

Emp.: chaira. Alt.: 395 m. Reg.: 300 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 14 N-S x 14 L-O x 0'50 m de alto. Est.: malo, atópase cortado polo N pola mesma pista que o túmulo anterior e polo L por unha gabia que serve de linde de fincas.

7.-) Anta de abaixo - 1 (coordenadas UTM 574030'92 – 4804368'95, xeográficas 8° 05'09''65-43° 23'15''93).

Emp.: ladeira. Alt.: 392 m. Reg.: 400 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: monte baixo e arborado de repoboación. Med.: 23 Ø x 0'90 m de alto. Est.: regular, non presenta burato, está cortado polo L por unha gabia que serve de linde de fincas.

8.-) Anta de abaixo - 2 (coordenadas UTM 574068'98 – 4804420'79, xeográficas 8° 05'07''93-43° 23'17''60).

Emp.: ladeira. Alt.: 393 m. Reg.: 500 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 17 Ø x 0'60 m de alto. Est.: malo, está moi achaiado. Non presenta burato de violación.

9.-) Cartelida - 1 (coordenadas UTM 573442'43 – 4804296'19, xeográficas 8° 05'35''84-43° 23'13''78).

Emp.: chaira. Alt.: 413 m. Reg.: 350 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 24'50 N-S x 26'50 L-O x 1'80 m de alto, burato de violación de 5 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: bo, no interior do burato sobresa a punta dun posible esteo granítico (30 cm de alto).

10.-) Cartelida - 2 (coordenadas UTM 573565'92 – 4804378'95, xeográficas 8° 05'30''31-43° 23'16''42).

Emp.: chaira. Alt.: 410 m. Reg.: 150 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 24 N-S x 22 L-O x 1'50 m de alto, burato de violación de 4'50 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: bo.

Grupo Vite

Localizamos un túmulo situado nas inmediacións do cemiterio de Queixeiro e dous túmulos ó S do lugar de Campo do Mulo. Este grupo ten a súa continuidade con outros dous túmulos na parroquia de Vilachá, que identificamos como as mámoas de Vite nomeadas no *Catastro del Marqués de la Ensenada*: «...Marco quellanman lasierra de Queijeiro desde este aldeas Mamuas devite, desde este aldeas Penas deyedra...»¹⁶.

11.-) Cemiterio de Queixeiro (coordenadas UTM 575474'64 – 4804009'37, xeográficas 8° 04'05''67 – 43° 23'03''76).

Emp.: chaira. Alt.: 378 m. Reg.: 200 m. Sust.: cuarzoaxistos. Terr.: toxos e piñeiros. Med.: 16 Ø x 0'50 m de alto, burato de 5 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: moi malo estragado e achaiado polas continuas

16 Pregunta 3 do Interrogatorio correspondente á parroquia de Santa María de Vilachá, ARG, *Catastro del Marqués de la Ensenada*, libro 160, folio 4283r.

labores agrícolas. Folclore: «...foi feita polos mouros [...] a destruíran para quitar os cantos do interior». 12.-) Campo do Mulo - 1 (coordenadas UTM 575884'32 – 4803183'73, xeográficas 8° 03'47"88-43° 22'36"85).

Emp.: chaira. Alt.: 384 m. Reg.: 500 m. Sust.: cuarxozistos. Terr.: piñeiros. Med.: 20 Ø x 0'80 m de alto. Est.: bastante bo a pesar de ter plantados piñeiros. Non se ve burato de violación.

13.-) Campo do Mulo - 2 (coordenadas UTM 575907'97 – 4803196'67, xeográficas 8° 03'46"82-43° 22'37"26).

Emp.: chaira. Alt.: 383 m. Reg.: 500 m. Sust.: cuarxozistos. Terr.: piñeiros. Med.: 16 Ø x 0'60 m de alto, burato de 3'50 Ø x 0'20 m de profundidade. Est.: regular, está achaiado e ten piñeiros plantados.

Desta parroquia temos referencias documentais dun túmulo non localizado na zona de Vite, que non se corresponde cos anteriores: «... *epor otraparte eneredad delcasal, devide edeotrap^e enlamamua de agra mouris, e de alli comos ssebay al marco quessedice dejaneyro...*»¹⁷. Tamén no Interrogatorio do *Catastro del Marqués de la Ensenada*, aparecen os topónimos: Chao da Anta/Arta en Río Paredes, Pena da Arca e Chao da Anta.

As referencias orais indicannos a probable existencia de varios túmulos que foron destruídos en Valoi e na zona de Os Campos¹⁸.

Santa María de Vilachá (situada ó O do concello).

Nesta parroquia localizamos un total de dezaseis túmulos (fig. 2).

Grupo do Campo do Muniz - Torgal, composto por 3 túmulos. É a continuación do grupo Vite (Queixeiro).

14.-) Mámoa do Torgal (coordenadas UTM 575711'18 – 4803202'00, xeográficas 8° 03'55"56-43° 22'37"51).

Emp.: chaira. Alt.: 370 m. Reg.: 450 m. Sust.: cuarxozistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 20 N-S x 26'50 L-O x 1 m de alto, burato de 8 Ø x 0'70 m de profundidade. Est.: bastante estragado por unha forte violación, tamén cortado polo SL por un camiño e polo NL por unha gabia que serve de linde de fincas.

15.-) Campo do Muniz - 1 (coordenadas UTM 575986'90 - 4803148'19, xeográficas 8° 03'43"37-43° 22'35"66).

Emp.: ladeira. Alt.: 383 m. Reg.: 450 m. Sust.: cuarxozistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 17 N-S x 19 L-O e unha altura que oscila entre 0'30-0'90 m, burato de 5'50 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: malo, achaiado e con piñeiros plantados.

16.-) Campo do Muniz - 2 (coordenadas UTM 575974'83 - 4803118'09, xeográficas 8° 03'43"89-43° 22'34"69).

Emp.: ladeira. Alt.: 382 m. Reg.: 450 m. Sust.: cuarxozistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 13 Ø x 0'30 m de alto, burato de 3 x 0'30 m de profundidade. Est.: malo, está moi achaiado e con piñeiros plantados. Sobresae un posible esteo de lousa de 0'70 de ancho x 0'30 m de alto.

Grupo da Serra de Queixeiro

Este grupo está formado por tres túmulos pertencentes á parroquia de Vilachá e outros tres pertencentes á de San Fiz que serán descritos máis adiante.

17) Xunqueira da Serra - 1 (coordenadas UTM 576457'86 – 4803106'20, xeográficas 8° 03'22"43-43° 22'34"13).

Emp.: ladeira. Alt. 446 m. Reg.: 850 m. Sust.: cuarcitas e cuarxozistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 12 N-S x 15 L-O x 0'40 m de alto. Est.: malo, está moi achaiado polas labores agrícolas. No túmulo pódense ver seixos e lousas procedentes da súa coiraza.

18.-) Xunqueira da Serra - 2 (coordenadas UTM 576500'92 – 4802924'59, xeográficas 8° 03'20"61-43° 22'28"23).

17 ARG, libros de mosteiros, Mosteiro de Caaveiro C-479, traslado de escrituras de foros de 1674, pág. 23.

18 Nunha información recollida no ano 1997, dixéronnos: «...Onde chaman Os Campos se destruíu unha mámoa fai 55 ou 60 anos que se vían pedras grandes de 3 x 4 metros...».

Emp.: ladeira. Alt.: 441 m. Reg.: 750 m. Sust.: cuarcitas e cuarzo xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 15 Ø x 0'80 m de alto, burato de 2 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: regular, pódense ver os seixos da coiraza.

19.-) Cal da Serra (coordenadas UTM 576635'96 – 4802353'71, xeográficas 8° 03' 14"90-43° 22'09"68). Emp.: ladeira. Alt.: 460 m. Reg.: 700 m. Sust.: cuarcitas e cuarzo xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 15'50 Ø x 1 m de alto, burato de 2 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: regular.

O Tesouro:

Localízase ó L da igrexa parroquial, preto da estrada que vai cara ó Casal.

20.-) Túmulo do Tesouro (coordenadas UTM 574722'15 – 4802167'26, xeográficas 8° 04'40"01-43° 22'04"33).

Emp.: chaira. Alt.: 316 m. Reg.: 100 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 22 Ø x 0'30 m de alto. Est.: bastante malo, encóntrase achaiado. Pódense ver por todo o túmulo restos da coiraza de granito.

Grupo dos Edreiros-Naveira:

Localizamos nove túmulos, situados ó O dos lugares de Naveira, Val e Penedo, nunha zona moi interesante arqueoloxicamente, na que tamén foron localizados varios gravados rupestres¹⁹.

21.-) Pena da Cadea - 1 (coordenadas UTM 572387'52 – 4801574'60, xeográficas 8° 06'24"01-43° 21'45"94).

Emp.: chaira. Alt.: 305 m. Reg.: 175 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: praderías. Med.: 32 Ø x altura que oscila entre 0'30-1'30 m. Est.: malo, foi achaiado cunha pala mecánica para facer terras de labor.

22.-) Pena da Cadea - 2 (coordenadas UTM 572358'69 – 4801596'47, xeográficas 8° 06'25"28-43° 21'46"66).

Emp.: chaira. Alt.: 304 m. Reg.: 150 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: praderías. Med.: 24 Ø x 0'20 m de alto. Est.: moi malo, ó igual que o anterior foi achaiado para facer terras de labor.

23.-) Cal da Gafa - 1 (coordenadas UTM 572187'22 – 4801546'56, xeográficas 8° 06'32"92-43° 21'45"10). Emp.: ladeira. Alt.: 299 m. Reg.: 200 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 14 Ø x altura que oscila entre 0'30-0'70 m. Est.: moi malo, está achaiado. Polo túmulo vense restos da coiraza de granito.

24.-) Cal da Gafa - 2 (coordenadas UTM 572174'25 – 4801536'50, xeográficas 8° 06'33"50-43° 21'44"78). Emp.: ladeira. Alt.: 300 m. Reg.: 200 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 18 Ø x 1 m de alto, burato de violación de 4 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: regular, vense restos de coiraza de granito.

25.-) Edreiros - 1 (coordenadas UTM 572309'00 – 4801499'11, xeográficas 8° 06'27"54-43° 21'43"52). Emp.: chaira. Alt.: 303 m. Reg.: 250 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 17 Ø x 1 m de alto, burato de violación de 3 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: bo, hai restos da coiraza de granito por todo o túmulo.

26.-) Edreiros - 2 (coordenadas UTM 572430'03 – 4801415'72, xeográficas 8° 06'22"20-43° 21'40"78). Emp.: chaira. Alt.: 306 m. Reg.: 400 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 15 Ø x 0'60 m de alto. Est.: regular, está achaiado e cortado por un valado que serve de linde de fincas.

27.-) Naveira - 1 (coordenadas UTM 572887'57 – 4801520'25, xeográficas 8° 06'01"83-43° 21'44"01). Emp.: outeiro. Alt.: 314 m. Reg.: un manancial a 175 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 17 Ø x 0'60 m de alto, burato moi moderno de 1'50 x 1 m de profundidade. Est.: malo, o seu entorno está moi alterado polas labores agrícolas. No interior do burato sobresaen a cabeza de dous posibles esteos de granito.

28.-) Naveira - 2 (coordenadas UTM 572976'66 – 4801427'53, xeográficas 8° 05'57"91-43° 21'40"97). Emp.: chaira. Alt.: 308 m. Reg.: hai un manancial que serve de área recreativa a 50 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación e monte baixo. Med.: 17 Ø x 0'70 m de alto,

19 GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS, 2003, "Gravados rupestres" Opus cit.

burato de 3'50 L-O x 7 N-S x 0'40 m de profundidade. Est.: malo, está achaiado e ten unha forte violación. 29.-) Naveira - 3 (coordenadas UTM 572662'08 – 4801388'77, xeográficas 8° 06' 11"91-43° 21' 39"82). Emp.: cume. Alt.: 317 m. Reg.: 450 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 14 Ø x 0'50 m de alto. Est.: moi malo, está achaiado. A localización foi posible grazas á limpeza de maleza efectuada no monte este ano.

Nesta parroquia de Santa María de Vilachá temos unha referencia documental dun túmulo non localizado que servía de marco do Couto Xurisdiccional do Mosteiro de Monfero «...*portum qui est inter Villam Iohannem et Pradam; inde per illam maomam de Sculariis de Villaplana, deinde per illum fogium de Villarino...*»²⁰.

San Fiz de Monfero (situada na zona central do concello dende o N ó S).

Nesta parroquia localizamos un total de corenta túmulos espallados por toda ela (figs. 3-4-5-6), destacando entre todos os grupos o de Castelo da Pluma e o de Serra Vella.

30.-) A Medoña da Mámoa: situada entre os lugares de Campo Abeledo e Sanguinedo. Coñécese tamén como mámoa de Campo Abeledo e na documentación como mámoa da Arca ou mámoa da Trea, aínda que hoxe en día ninguén a coñece con estes nomes. (coordenadas UTM 580080'31 – 4803514'09, xeográficas 8° 00'41"27-43° 22'45"99).

Emp.: chaira. Alt.: 473 m. Reg.: 500 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 15'50 N-S x 14 L-O x 0'50 m de alto. Presenta varios buratos, o principal ten 4 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: moi malo, o túmulo está moi alterado e cortado polo L, nos anos 92/93 foi practicamente destruído. Referencia documental: «...*e daly todo enlaagua doporto losyo e [...] del casal de J^o deSam guinedo el viejo enla panda deporto Losyo, y enel camino arriba de mamoa daarca, e en el marco de Coirel e como bay enel extremo de...*»²¹, «...*Alcampo Do Coirel y ala mamoa da Trea Yalcampo Pequeno de porto losio...*»²². Folclore: «...Era toda de terra, non tiña chantos [...] a fixeron os mouros, había tesouros...», «...Era a máis grande de todas, moito máis cas da Serra Vella, tiña cantidade de seixos de distintos tamaños...».

Grupo da Serra Vella:

Tamén coñecido como Monte da Capela, está situado na zona alta do monte, ó NO do lugar de San Xiao de Arca. Folclore: «...As medoñas da Serra Vella as fixeron os mouros, metíanse nos buratos da parte de enriba para defenderse nas guerras...».

31.-) Serra Vella - 1 (coordenadas UTM 579370'00 – 4803551'02, xeográficas 8° 01' 12"81-43° 22' 47"46). Emp.: cume. Alt.: 509 m. Reg.: 600 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 18'50 Ø x 1'30 m de alto, burato de 4'70 Ø x 0'60 m de profundidade. Est.: bo, pódese ver un chanto de lousa cunha cazoleta e a coiraza de seixos.

32.-) Serra Vella - 2 (coordenadas UTM 579355'25 – 4803534'09, xeográficas 8° 01' 13"48-43° 22' 46"92). Emp.: cume. Alt.: 509 m. Reg.: 600 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 11'50 Ø x 0'90 m de alto, burato de 1'50 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: bo, ten coiraza de seixos.

33.-) Serra Vella - 3 (coordenadas UTM 579334'59 – 4803504'64, xeográficas 8° 01' 14"41-43° 22' 45"97). Emp.: cume. Alt.: 509 m. Reg.: 650 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 14 Ø x 1'10 m de alto, burato de 3 Ø x 0'60 m de profundidade. Est.: bo, ten coiraza de seixos.

34.-) Serra Vella - 4 (coordenadas UTM 579289'58 – 4803486'24, xeográficas 8° 01' 16"42-43° 22' 45"39).

20 A primeira referencia documental atopámola no privilexio de Alfonso VII o 5/12/1135, ARG, fondo Vaamonde Lores, caixa 4, carpetiña 5, documento 8; se ben este privilexio é reproducido en varios documentos e memoriais ata o século XVII con diferentes variantes: *schalariis*, *squalariis*, *squalarios*, *sancta lariiis*, *squeyras*, *escalaris*, *esqualarios*, *escalares*, *escaleras*, *esqueiras*, *esquieras*. Así mesmo no AHN, sección de códices, sinatura 259B, aclárase «...*Mámoa de Escalares de Villachá, que aora se llama la Mámoa de las Cabras...*».

21 AHN, Fondo Clero, Carpeta 510, documento nº 5, demarcación do *Casal de Samgiao de Arca*, datada en 1442.

22 ARG, Preitos da Real Audiencia, atado 105, nº 106, trátase dun preito por reivindicacións de bens datado o 07/05/1670.




Fig. 3. Situación dos túmulos no norte da parroquia de San Fiz.

Emp.: cume. Alt.: 512 m. Reg.: 650 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 12 Ø x 0'80 m de alto, burato de 2'5 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: bo, ten coiraza de seixos.

35.-) Serra Vella - 5 (coordenadas UTM 579139'83 – 4803502'43, xeográficas 8° 01'23''06-43° 22'45''97). Emp.: portela. Alt.: 497 m. Reg.: 600 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación e monte baixo. Med.: 12 Ø x 0'50 m de alto, burato de 3 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: moi malo, pódese ver parte da coiraza de lousas.

36.-) Serra Vella - 6 (coordenadas UTM 579164'16 – 4803486'26, xeográficas 8° 01'21''97-43° 22'45''43). Emp.: ladeira. Alt.: 499 m. Reg.: 600 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 9 Ø x unha altura que oscila entre 0'80 e 0'20 m, burato de 2'50 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: malo, está moi alterado e achaiado.

37.-) Serra Vella - 7 (coordenadas UTM 579174'74 – 4803419'04, xeográficas 8° 01'21''56-43° 22'43''25). Emp.: ladeira. Alt.: 509 m. Reg.: 650 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 12 Ø x unha altura que oscila entre 1'30 e 0'30 m, burato de 2 Ø x 0'20 m de profundidade. Est.: regular, está moi alterado.

38.-) Túmulo de Pena Cruzada, está situado entre os lugares de Cortizas e Os Gotes (coordenadas UTM 577351'17 – 4803111'66, xeográficas 8° 02'42''74-43° 22'33''98).

Emp.: portela. Alt.: 421 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 24 Ø x 1'20 m de alto, burato de 5 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: bo.

Grupo da Serra de Queixeiro - II:

Este grupo é continuación do descrito anteriormente na parroquia de Vilachá. Existe unha referencia documental sobre dous destes túmulos: «...seba aun marco que esta enzima del lugar de candedo junto ados mámoas i de allí derecho al puerto delugar da pruma...»²³.

23 Apeo datado o 03/11/1669. ARG, fondo privados-eclesiásticos, sinatura C-460, páx. 9-v.

39.-) Cal da Lagoa - 1 (coordenadas UTM 576753'44 – 4802195'69, xeográficas 8° 03'09"76-43° 22'04"51).

Emp.: chaira. Alt.: 463 m. Reg.: 100 m. Sust.: cuarcitas e cuarzoístos. Terr.: monte baixo. Med.: 15 Ø x 0'80 m de alto, burato de 2'50 x 0'30 m de profundidade. Est.: regular.

40.-) Cal da Lagoa - 2 (coordenadas UTM 576742'71 – 4802135'58, xeográficas 8° 03'10"27-43° 22'02"57).

Emp.: chaira. Alt.: 461 m. Reg.: 80 m. Sust.: cuarcitas e cuarzoístos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 18 N-S x 13 L-O x 1'60 m de alto, burato de 2'50 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: malo, está moi alterado e cortado polo O por unha pista.

41.-) Cal da Lagoa - 3 (coordenadas UTM 576769'16 – 4802157'63, xeográficas 8° 03'09"08-43° 22'03"27).

Emp.: chaira. Alt.: 463 m. Reg.: 100 m. Sust.: cuarcitas e cuarzoístos. Terr.: monte baixo. Med.: 19 Ø x 1'50 m de alto, burato de violación moi moderno (cadrado) de 1 m² x 1 m de profundidade. Est.: regular, pódese ver a coiraza de seixo.

Grupo de Castelo da Pluma:

Este grupo está situado na zona que vai dende o Penedo Gordo, Castelo da Pluma²⁴ ata as proximidades do campo de tiro. Os túmulos están situados a rentes do antigo camiño real, hoxe en día convertido en estrada e pista forestal. Folclore: «...as fixeron os mouros [...] contábame a miña avoa que alí se defendían os mouros cando había guerra...», «...eran como trincheiras [...] foron feitas polos mouros nos tempos da guerra».

42.-) Castelo da Pluma - 1 (coordenadas UTM 577235'27 – 4801811'30, xeográficas 8° 02'48"55-43° 21'51"88).

Emp.: chaira. Alt.: 471 m. Reg.: 150 m. Sust.: cuarcitas feldespáticas. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 22 Ø x 1'60 m de alto, burato de 6 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: malo, non só polo gran burato de violación, senón tamén polas moitas árbores plantadas enriba del.

43.-) Castelo da Pluma - 2 (coordenadas UTM 577243'90 – 4801521'19, xeográficas 8° 02'48"31-43° 21'42"47).

Emp.: chaira. Alt.: 474 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 24 Ø x 2'20 m de alto, burato de 6 Ø x 1 m de profundidade. Est.: malo, polo gran burato de violación e os piñeiros plantados por todo o túmulo.

44.-) Castelo da Pluma - 3 (coordenadas UTM 577223'24 – 4801420'22, xeográficas 8° 02'49"28-43° 21'39"20).

Emp.: chaira. Alt.: 471 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 14 Ø x 1 m de alto, burato de 3 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: bo, no interior do burato sobresaen un esteo de lousa (70 ancho x 45 cm de alto) e outro posible partido.

45.-) Castelo da Pluma - 4 (coordenadas UTM 577269'03 – 4801176'65, xeográficas 8° 02'47"37-43° 21'31"29).

Emp.: chaira. Alt.: 460 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 16 Ø x 0'60 m de alto, burato de 2 N-S x 5 L-O x 0'40 m de profundidade. Est.: malo, está moi alterado. A priori tivemos dúbidas de que se trátase dun túmulo, xa que no interior vense dúas pedras de lousa de máis de 4 m de longo, pero a orientación contraria ó resto dos afloramentos da zona, motivou a súa inclusión neste listado.

46.-) Castelo da Pluma - 5 (coordenadas UTM 577229'29 – 4801104'13, xeográficas 8° 02'49"17-43° 21'28"96).

Emp.: ladeira. Alt.: 461 m. Reg.: 250 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 17 Ø x 1'50 m de alto, burato de violación 5'50 L-O x 4 N-S x 0'70 m de profundidade. Est.: regular, no interior do burato sobresaen parte dun esteo de xisto de 0'50 de alto x 0'60 m de ancho. Folclore: «...cando íamos para a Feira de Pontedeume sempre pasabamos polo camiño do Castelo da Pluma e recordo que no lombo da Medoña, tiña un burato que cando chovía estaba cheo de auga e non secaba ata os tres días...».

24 LAFC “La arqueología...”, 2001, nº 21. Opus cit. Cítanse o túmulo nº 43 na páx. 99, o nº 46 na páx. 98 e o nº 47 na páx. 95. Ó igual que sucedeu no grupo Anta (Vilachá) omítense o resto dos túmulos do mesmo grupo.

47.-) Medoña dos Mouros (coordenadas UTM 577443'63 – 4800255'41, xeográficas 8° 02'40"08-43° 21'01"37).

Emp.: chaira. Alt.: 463 m. Reg.: 250 m. Sust.: cuarcitas feldespáticas. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 30 N-S x 25 L-O x altura que oscila entre 2'20 e 1'70 m, burato de 7 Ø x 0'70 m de profundidade e unha trocha aberta polo O. Est.: bo a pesar de estar cortado polo L por unha pista forestal e ter unha forte violación. Folclore: «...había unha pequena portiña e cando chovía me refuxiaba alí...», «...había grandes masas de terra que eran trincheiras de los moros...».

Grupo Lamelas:

Está formado por catro túmulos²⁵ situados entre os lugares de As Lamelas e Nebras.

48.-) Lamelas - 1 (coordenadas UTM 576398'44 - 4800607'11, xeográficas 8° 03'26"33-43° 21'13"15). Emp.: portela. Alt.: 383 m. Reg.: 350 m. Sust.: cuarzo xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 18 Ø x 0'80 m de alto, burato de 4 N-S x 6 L-O x 0'30 m de profundidade. Est.: malo, está achaiado e ten unha forte violación.

49.-) Lamelas - 2 (coordenadas UTM 576271'94 – 4800581'97, xeográficas 8° 03'31"96-43° 21'12"39). Emp.: portela. Alt.: 378 m. Reg.: 350 m. Sust.: cuarzo xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 22 Ø x altura que oscila entre os 1 e 0'50 m, burato de 4'50 x 10 m x 0'50 m de profundidade. Est.: regular, encóntrase achaiado e ten árbores plantadas enriba del.

50.-) Lamelas - 3 (coordenadas UTM 576208'74 – 4800610'66, xeográficas 8° 03'34"75-43° 21'13"34). Posiblemente non se trate dun túmulo senón da acumulación de terra feita para asentar un depósito de auga. Emp.: outeiro. Alt.: 385 m. Reg.: 300 m. Sust.: cuarzo xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 16 Ø x 0'50 m de alto. Estas medidas son aproximadas ó estar dentro dunha finca cerrada. Est.: malo, enriba deste posible túmulo está un depósito de auga que da servizo a unha vivenda próxima.

51.-) Lamelas - 4 (coordenadas UTM 576126'04 – 4800580'42, xeográficas 8° 03'38"44-43° 21'12"39). Emp.: outeiro. Alt.: 382 m. Reg.: 350 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 22 N-S x 18 L-O e unha altura que oscila entre 1'50 e 0'50 m, ten un burato de 6 Ø x 0'30 m de profundidade e outro máis moderno de S-N de forma irregular que forma parte dun vertedoiro. Est.: moi malo, aparte dos dous buratos está cortado polo L por un valado.

Grupo do Seixo:

Non se trata dun grupo concreto, senón de catro túmulos situados nos Montes do Coto, Monte do Seixo e Monte da Cota.

52.-) Mámoa do Coto - 1 (coordenadas UTM 573992'30 – 4800025'93, xeográficas 8° 05'13"48-43° 20'55"18).

Emp.: outeiro. Alt.: 365 m. Reg.: 300 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 18 Ø x 0'90 m de alto, burato de 4 Ø x 0'60 m de profundidade. Est.: regular, está achaiado.




Fig. 4. Situación dos túmulos no occidente da zona central da parroquia de San Fiz.

²⁵ LAFc "La arqueología...", nº 21, 2001, Opus cit. Cítanse o túmulo nº 49 na páx. 94, o nº 50 na páx. 97 e o nº 51 nas páxs. 97-98, non obstante non se nomea o nº 48.

53.-) Mámoa do Coto - 2, sitúase ó L do marco das Lobeiras (coordenadas UTM 573984'53 – 4799998'81, xeográficas 8° 05'13"84-43° 20'54"31).

Emp.: outeiro. Alt.: 363 m. Reg.: 250 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 23 Ø x 1'20 m de alto, burato de 4 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: regular.

54.-) Campo da Mama, ó L do lugar do Seixo (coordenadas UTM 574780'23 – 4799825'43, xeográficas 8° 04'38"58-43° 20'48"40).

Emp.: portela. Alt.: 360 m. Reg.: 800 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 23 Ø x 1'80 m de alto, burato de 7 x 8 x 1'20 m de profundidade. Est.: bo, a pesar da forte violación.

55.-) Monte da Cota, situado ó SO do lugar do Seixo (coordenadas UTM 574421'36 – 4799574'02, xeográficas 8° 04'54"64-43° 20'40"39).

Emp.: cume. Alt.: 355 m. Reg.: 700 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 13 Ø x 0'50 m de alto. Est.: regular, está bastante achaiado.

Grupo do Francés:

Está situado ó O do cruce do Francés, a menos de 150 m do gasoduto.

56.-) O Francés - 1 (coordenadas UTM 576035'53 – 4799574'8019, xeográficas 8° 03'42"96-43° 20'39"83).

Emp.: chaira. Alt.: 334 m. Reg.: 150 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 19 N-S x 9 L-O x 1'40 m de alto. Est.: moi malo, está case cortado á metade por un camiño e nas inmediacións hai un vertedoiro incontrolado.

57.-) O Francés - 2 (coordenadas UTM 576002'76 – 4799565'46, xeográficas 8° 03'44"42-43° 20'39"54) Emp.: chaira. Alt.: 336 m. Reg.: 150 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 20 Ø x 0'60 m de alto, burato de 5 Ø x 0'60 m de profundidade. Est.: regular, está bastante achaiado.

Grupo da Pena Faladora:

Está formado por dous túmulos, localizados ó L e O dun afloramento denominado Pena Faladora.

58.-) Pena Faladora - 1 (coordenadas UTM 578456'17 – 4800107'08, xeográficas 8° 01'55"19-43° 20'56"18).

Emp.: ladeira. Alt.: 480 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo e arborado de repoboación. Med.: 14 Ø x 0'60 m de alto. Est.: malo, o túmulo está moi alterado e achaiado, pódese ver a coiraza de seixos.

59.-) Pena Faladora - 2 (coordenadas UTM 578733'30 – 4800114'51, xeográficas 8° 01'42"88-43° 20'56"32).

Emp.: ladeira. Alt.: 495 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 12 Ø x 1 m de alto, burato de 2 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: regular. Folclore: «...a fixeron os mouros, polos anos 1920/30 tiña laxes no seu interior...».

Grupo da Pila da Leña-Mascoto

Está formado por tres túmulos no lugar da Cruz da Pila da Leña e outro túmulo separado no lugar do Mascoto.

60.-) Pila da Leña - 1 (coordenadas UTM 579469'08 – 4800128'81, xeográficas 8° 01'10"20-43° 20'56"51). Emp.: chaira. Alt.: 550 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 9 Ø x 0'50 m de alto. Est.: malo, está alterado e achaiado.




Fig. 5. Situación dos túmulos no oriente da zona central da parroquia de San Fiz.

61.-) Pila da Leña - 2 (coordenadas UTM 579452'61 – 4800091'09, xeográficas 8° 01'10"95-43° 20'55"29).

Emp.: chaira. Alt.: 547 m. Reg.: 450 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 14'50 x 0'80 m de alto. Est.: malo, está moi alterado, tivo colocado un poste para o tendido eléctrico. Ó situarse debaixo do tendido eléctrico, sofre constantes alteracións debidas as faenas de limpeza da liña.

62.-) Pila da Leña - 3 (coordenadas UTM 579412'78 – 4800019'25, xeográficas 8° 01'12"75-43° 20'52"98).

Emp.: chaira. Alt.: 549 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 17 N-S x 15 L-O x 1 m de alto. Est.: regular, está achaiado, pódese ver a coiraza de seixos e lousas.

63.-) Mascoto (coordenadas UTM 580183'65 – 4799764'77, xeográficas 7° 53'58"99-43° 20'40"78).

Emp.: chaira. Alt.: 564 m. Reg.: 150 m. Sust.: cuarxozistos e metaarcosas. Terr.: monte baixo. Med.: 18 Ø x 1 m de alto, burato de 5 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: bo.

64.-) A Marola, túmulo situado entre os montes de A Marola e Pena Feixa (coordenadas UTM 581406'19 – 4799482'21, xeográficas 7° 59'44"51-43° 20'34"80).

Emp.: cume. Alt.: 641 m. Reg.: 250 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 23 Ø x 1'60 m de alto, burato de 3'50 Ø x 1'20 m de profundidade. Est.: bo, pódese ver a coiraza de seixos.

65.-) Os Carreiros, túmulo situado ó NO do monte da Pena Feixa (coordenadas UTM 580712'83 – 4799272'59, xeográficas 8° 00'15"41-43° 20'28"28).

Emp.: ladeira. Alt.: 621 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 8 Ø x 0'40 m de alto, burato de 2'50 x 0'30 m de profundidade. Est.: malo, está moi alterado e achaiado.

66.-) A Mámoa da Cruz, túmulo cortado pola estrada que vai dende O Xestal a A Illa (coordenadas UTM 578941'91 – 4796867'39, xeográficas 8° 01'35"30-43° 19'11"00).

Emp.: ladeira. Alt.: 431 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 18 NL-SO x 14 NO-SL x 1'30 m de alto, burato de 8 Ø x 1'80 m de profundidade. Est.: malo, ademais do gran burato de violación está cortado polo NO pola estrada e polo SL por unha congostra. Folclore: «...a fixeron os mouros...».

Grupo do Xestal:

Está formado por tres túmulos espaciados entre si ó NL do lugar do Xestal.

67.-) Xestal – 1 (coordenadas UTM 578592'50 – 4795868'27, xeográficas 8° 01'51"32-43° 18'38"75). Emp.: chaira. Alt.: 357 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 15 Ø x 0'30 m de alto. Est.: moi malo, está achaiado e só é recoñecible cando o monte está limpo. No centro do túmulo pódese ver a cabeza dun posible esteo da cámara.

68.-) Xestal – 2 (coordenadas UTM 578487'65 – 4795690'31, xeográficas 8° 01'56"07-43° 18'33"02). Emp.: ladeira. Alt.: 343 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 19 NO-SL x 15 NL-SO x 1'70 m de alto, burato 3'50 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: malo, está cortado polo O por un camiño e polo N por un valado.

69.-) Xestal - 3 (coordenadas UTM 578172'00 – 4795572'95, xeográficas 8° 02'10"14-43° 18'29"34). Emp.: ladeira. Alt.: 322 m. Reg.: 300 m. Sust.: cuarcitas e cuarxozistos. Terr.: arborado de repoboación. Est.: foi destruído no 1998. No momento no que foi localizado estaba cortado á metade pola estrada que vai dende o lugar de Xestal cara a Cernadas.




Fig. 6. Situación dos túmulos no sur da parroquia de San Fiz.

Nesta parroquia temos varias referencias orais que nos falan da existencia de dúas medoñas que desapareceron na Serra de Queixeiro (onde na actualidade existe un circuíto de autocrós), dúas na zona da Pena do Cuco²⁶ e outras dúas no Campo da Pendella²⁷.

Santa Xiá de Monfero (situada ó S do concello).

Tan só atopamos cinco túmulos espallados pola parroquia (fig. 6).

Grupo de Moncoso:

Composto por dous túmulos, situados nas estribacións da Serra de Moncoso (ó SL da estrada Irixoa-Momán, na zona denominada O Bico da Costa).

70.-) Moncoso - 1 (coordenadas UTM 582067'73 – 4796864'17, xeográficas 7° 59' 16" 55-43° 19' 09" 69).

Emp.: portela. Alt.: 558 m. Reg.: 400

m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 18 N-S x 17 L-O x 0'50 m de alto, burato de 9 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: malo, está bastante achaiado e cortado polo N por unha pista forestal.

71.-) Moncoso - 2 (coordenadas UTM 582050'94 – 4796807'57, xeográficas 7° 59' 17" 32-43° 19' 07" 86).

Emp.: portela. Alt.: 560 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 23 Ø x 2'30 m de alto, burato de 3'50 Ø x 0'80 m de profundidade. Est.: bo, no interior do burato hai un esteo de seixo. Referencia documental: Serve de linde das parroquias de Santa Xiá de Monfero e San Pedro do Val de Xestoso «...Mámoa dos Paos de Moncoso...»²⁸, «...linda principiando porla parte a L. enla Mamo de Moncoso; dealli al Serron Gordo...»²⁹. Folclore: «...de pequenos nos metíamos dentro da cova [...] tiña uns chantos moi grandes [...] foi feita polos mouros».

72.-) Monte dos Novás, túmulo situado ó O da Graña de Sevil (coordenadas UTM 579739'37 – 4794230'93, xeográficas 8° 01' 01" 28-43° 17' 45" 24).

Emp.: ladeira. Alt.: 510 m. Reg.: 500 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 13 Ø x 0'80 m de alto, burato de 4 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: regular.

73.-) Penedo Mouro, túmulo situado ó O da Graña Sevil, preto da Fonte das Nenas (coordenadas UTM 579338'87 – 4793863'71, xeográficas 8° 01' 19" 24-43° 17' 33" 50).

Emp.: ladeira. Alt.: 488 m. Reg.: 100 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 15 Ø e unha altura que oscila entre 0'60 e 0'30 m, burato 3 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: malo, está moi alterado e achaiado, no burato sobresa un esteo de lousa chantado de 0'50 alto x 0'80 m de ancho e




Fig. 6. Situación dos túmulos na parroquia de Santa Xiá.

26 As referencias orais nos falan de que na chousa da Pena do Cuco (zona de Tineo) había dúas medoñas: «...era toda de terra [...] no recordo que tivera chantas, fai 40 anos (a referencia foi recollida en 1999) xa estaba bastante achaiada, aínda que tiña unha altura de 1 metro. A 3 o 4 metros da anterior había outra, esta era máis alta e larga ca outra, aínda que as dúas eran redondas, estaba toda chea de croios de seixo por enriba, medía 17 m unha altura de 1'60 - 1'70 e un furado de 3 m».

27 Campo da Pendella: «...había dos medoñas destruídas, parece que unha delas se conserva en estado regular...».

28 AHN, sección de códices, sinatura 259B.

29 Pregunta 3 do Interrogatorio correspondente á parroquia de Santa María de Xestoso, ARG, *Catastro del Marqués de la Ensenada*, libro 159, folio 2666r.

outros dous deitados que puideran pertencer á cámara. 74.-) Mámoa de Carballido, estaba situada ó O do lugar de Sevil (coordenadas UTM 579628'51 - 4793886'47, xeográficas 8° 01'06"37-43° 17'34"13).

Emp.: ladeira. Alt.: 527 m. Reg.: 175 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: herbais. Est.: foi destruído para facer unha pradería hai menos de 10 anos. Referencia documental: «... auna pena vicuda que esta enel monte de allí derecho ala mamoa de carvallido de allí ala portela de paraños...»³⁰.




Fig. 8. Situación dos túmulos no norte da parroquia de San Pedro do Val de Xestoso.

San Pedro do Val de Xestoso (situada ó SL do concello).

Nesta parroquia atopamos trece túmulos, moitos deles aillados e espallados pola parroquia (figs. 8-9). Grupo da Pena Vella:

Composto por tres túmulos situados ó N dos lugares de Pereiro, Castro e O Casal. Na zona coñécese como “mámoas, cotas”.

75.-) Pena Vella - 1 (coordenadas UTM 584347'52 – 4799429'65, xeográficas 7° 57'33"93-43° 20'31"93). Emp.: chaira. Alt.: 549 m. Reg.: 700 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo e arborado. Med.: 12 NO-SL x 15 NL-SO x 0'90 m de alto, burato de 2 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: malo, está cortado polo N por un camiño.

76.-) Pena Vella - 2 (coordenadas UTM 584260'61 – 4799382'27, xeográficas 7° 57'37"82-43° 20'30"43). Emp.: chaira. Alt.: 550 m. Reg.: 600 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 11 N-S x 15 L-O x 0'90 m de alto, burato de 2 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: regular, está cortado polo L polas obras dunha traída de auga feita nos anos 2001/2.

77.-) Pena Vella - 3 (coordenadas UTM 584062'17 – 4799292'58, xeográficas 7° 57'46"68-43° 20'27"60). Emp.: chaira. Alt.: 555 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 13 Ø x 0'80 m de alto, burato de 2 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: bo.

78.-) A Cerca, o túmulo situábase nas inmediacións do Cruceiro de Isalonga (coordenadas UTM 583419'43 – 4798940'58, xeográficas 7° 58'15"41-43° 20'16"45).

Emp.: chaira. Alt.: 551 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Est.: destruído pola estrada, no seu lugar hai unha pequena canteira. Existen referencias orais que ben puideran referirse a este ou outros túmulos próximos «...había outras medoñas entre o Castro e a Fraga, pero algunhas foron destruídas...».

79.-) Pena Feixa, túmulo situado ó O do monte do mesmo nome (coordenadas UTM 581403'51 – 4798609'51, xeográficas 7° 59'45"10-43° 20'06"52).

Emp.: portela. Alt.: 678 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 15 N-S x 16 L-O x 0'80 m de alto, burato 4'50 Ø x 1 m de profundidade. Est.: malo, está achaiado e cortado polo NL pola pista que sube cara ós repetidores.

80.-) Mámoa do cruceiro da Lobeta, situada ó S do lugar de Caxiao³¹, a poucos metros do cruceiro do mesmo nome (coordenadas UTM 583652'86 - 4797404'95, xeográficas 7° 58'05"89-43° 19'26"59).

30 Apeo datado o 26/11/1669. ARG, fondo privados-eclésiásticos, sinatura C-460, páx. 10-r.

31 HERNÁNDEZ SAMPELAYO “El Hierro...” Opus cit. Cítase como mámoa de Caxiao, páxs. 557-564.

Emp.: chaira. Alt.: 455 m. Reg.: 100 m. Sust.: metagrauvas feldespáticas, ollo de sapo de gran fino. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 32 Ø x 1'80 m de alto, burato de violación 10 x 0'80 m de profundidade. Est.: regular, está bastante alterado e ten un gran burato de violación.

Grupo do Canedo:

Composto por dous túmulos, bastante separados, pero que posiblemente formaran parte dunha necrópole máis numerosa.

81.-) Canedo- 1 (coordenadas UTM 584398'53 - 4796296'99, xeográficas 7° 57'33"40-43° 18'50"38).

Emp.: ladeira. Alt.: 451 m. Reg.: 350 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran grosso. Terr.: terras de labor e praderías. Med.: 18 Ø x 0'70 m de alto. Est.: malo, está achaiado e cortado polo S polas labores agrícolas.

82.-) Canedo - 2 (coordenadas UTM 583945'23 - 4795802'05, xeográficas 7° 57'53"79-43° 18'34"52).

Emp.: chaira. Alt.: 478 m. Reg.: 300 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran grosso. Terr.: terras de labor e praderías. Med.: 15 Ø x 0'50 m de alto, burato de violación 2 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: malo, está achaiado e situado entre as casas, a poucos metros da igrexa parroquial.

83.-) Mámoa de Mal de Clemente, este túmulo está situado a rentes da estrada, entre os lugares de Mal de Clemente e A Carballosa (coordenadas UTM 583262'12 - 4795019'14, xeográficas 7° 58'24"53-43° 18'09"42).

Emp.: chaira. Alt.: 502 m. Reg.: 300 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran grosso. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 17 Ø x 0'40 m de alto. Est.: malo, está moi achaiado.

Grupo Serra da Loba-SO:

No se trata dun grupo propiamente dito, senón de dous túmulos situados na zona SO da Serra, que son continuación do Grupo Serra Loba que describiremos máis adiante na parroquia de Alto Xestoso.

84.-) Pena dos Nenos³², túmulo situado nunha pradería ó SO do monte da Torre (coordenadas UTM 586754'36 - 4794997'78, xeográficas 7° 55'49"58-43° 18'07"31).

Emp.: ladeira. Alt.: 661 m. Reg.: 600 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: praderías. Med.: 16 Ø x 0'60 m de alto. Est.: malo, está achaiado e cortado en parte polo L por valado terreiro. Existe outro túmulo nas inmediacións, pero en terras do concello de Labrada (Guitiriz).

85.-) Ferreiro da Loba³³, situado ó O do Cruceiro da Loba (coordenadas UTM 585354'61 - 4793280'82, xeográficas 7° 56'52"65-43° 17'12"24).

Emp.: chaira. Alt.: 639 m. Reg.: 550 m. Sust.: metagrauvas feldespáticas, ollo de sapo de gran fino. Terr.: praderías. Med.: 30 N-S x 19'50 L-O x 2'20 m de alto, burato de 8'50 de Ø x 0'80 m de




Fig. 9. Situación dos túmulos no sur da parroquia de San Pedro do Val de Xestoso.

32 VAQUERO LASTRES, 1991-2 "Del análisis...", *Brigantium*, 7: 153 , identificámolo coma o nº 59 do plano.
33 VAQUERO LASTRES, 1991-2 "Del análisis...", *Brigantium*, 7: 153 , identificámolo coma o nº 32 do plano.
L AFC "La arqueología...", 2000, Opus cit., 11: 105-106.

profundidade. Est.: malo, está cortado polo L. No centro do burato hai un esteo/marco de seixo de 0'80 x 0'80 m. Existe outro túmulo a poucos metros do Cruceiro da Loba (cara ó SO) que pertence ó concello de Cambás (Aranga). Referencia documental: «...*de inde quomodo vadit ad mamam qui est propinquior de mamam que dicitur de Ferronis...*»³⁴.

86.-) A Ortiga, sitúase ó SL do Pico Vales (coordenadas UTM 582226'80 – 4793468'75, xeográficas 7° 59'11"31-43° 17'19"58).

Emp.: ladeira. Alt.: 651 m. Reg.: 400 m. Sust.: cuarcitas feldespáticas. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 11 N-S x 8'50 L-O x 0'70 m de alto. Est.: malo, está moi alterado e en febreiro do 2004 foi cortado polo L por unha pista feita para un parque eólico (v. Anexo).

87.-) Casacamiño, túmulo situado ó O do lugar de Casacamiño (coordenadas UTM 582599'16 – 4792420'63, xeográficas 7° 58'55"36-43° 16'45"47).

Emp.: ladeira. Alt.: 632 m. Reg.: 200 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran grosso. Terr.: praderías. Med.: 21 NL-SO x 24 NO-SL x 0'50 m de alto. Est.: malo, está achaiado polas labores agrícolas e cortado polo O por unha pista que vai a unha antiga canteira.

Nesta parroquia temos unha referencia bibliográfica de Sobrino e Veiga, sobre un posible túmulo nas inmediacións da capela da Ascensión: «...non se contabilizou outra posible mámoa situada a cincuenta metros da capela da Ascensión, que ampliaría así entre as dúas ermidas o campo de enterramentos...»³⁵. Hoxe en día, no lugar onde se encontraría este posible túmulo, existe unha acumulación de restos de raíces das árbores. Tamén existen referencias orais sobre dous túmulos no Porto Paial.

Santa María de Xestoso.

É a parroquia situada máis ó L do concello, nela localizamos trinta e un túmulos (figs. 10-11), a maioría están situados na zonas máis altas do concello (Serrón do Lobo, Serra Loba e as súas estribacións).

88.-) Mámoa de Marco de Curra, situábase ó L do lugar de Curra (coordenadas UTM 590398'75 – 4803398'10, xeográficas 7° 53'02"87-43° 22'30"01).

Emp.: ladeira. Alt.: 590 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: praderías. Est.: foi destruída hai uns 12 anos para facer unha pradería. Referencia documental: «...*i dealli derecho al marco desanche q' son unas peñas delosa i sexo junto auna modia, e de alli derecho al seixo das veigas...*»³⁶.

Grupo de Vilachá

Está formado por catro túmulos, situados ó L do lugar de Vilachá.

89.-) Vilachá - 1 (coordenadas UTM 586573'21 – 4802041'42, xeográficas 7° 55'53"61-43° 21'55"67). Emp.: chaira. Alt.: 517 m. Reg.: 400 m. Sust.: metagrauvas feldespáticas, ollo de sapo de gran fino. Terr.: praderías. Med.: 16 Ø x 0'20 m de alto. Est.: moi malo, está case desaparecida. Folclore: «...foi feita polos mouros [...] medía 30 metros de diámetro a destruíron fai 30 anos, recordo que tiña chantos e un bo burato...».

90.-) Vilachá - 2 (coordenadas UTM 586612'25 – 4802015'21, xeográficas 7° 55'51"89-43° 21'54"80). Emp.: chaira. Alt.: 516 m. Reg.: 400 m. Sust.: metagrauvas feldespáticas, ollo de sapo de gran fino. Terr.: praderías. Med.: 16 Ø x 0'40 m de alto. Est.: malo, achaiado.

91.-) Vilachá - 3 (coordenadas UTM 586631'76 – 4801981'51, xeográficas 7° 55'51"05-43° 21'53"70). Emp.: chaira. Alt.: 515 m. Reg.: 400 m. Sust.: metagrauvas feldespáticas, ollo de sapo de gran fino. Terr.: praderías. Med.: 30 Ø x 0'70 m de alto. Est.: regular, está achaiado.

92.-) Vilachá - 4 (coordenadas UTM 586760'84 – 4801905'87, xeográficas 7° 55'45"36-43° 21'51"20).

34 Trátase dunha carta partida por A,B,C con data 06/04/1240, arquivado no ARG, colección de documentos en pergameo, nº 101. A outra parte do documento está no AHN, sección Clero, carpeta 540, documento 11. Aínda que segundo a versión de PALLARES MÉNDEZ, M^a C., “*El Monasterio de Sobrado: un ejemplo de protagonismo monástico en la Galicia medieval*”, 1979, a data do documento é do 06/04/1239). Nós cremos que se nomea en primeiro a lugar a mámoa de Ferreiro da Loba e despois a do Cruceiro da Loba, esta última situada no limítrofe concello de Aranga.

35 SOBRINO CEBALLOS, J. e VEIGA FERREIRA, J.M^a., “As mámoas de Galiñeiro...” Opus cit, 12: 13.

36 A primeira referencia documental atopámola nun Apeo datado o 14/10/1669. ARG, fondo privados-ecllesiásticos, sinatura C-460, páx. 9-r.

Emp.: chaira. Alt.: 520 m. Reg.: 400 m. Sust.: metagrauvas feldespáticas, ollo de sapo de gran fino. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 18 Ø x 0'60 m de alto. Est.: malo está achaiado e na actualidade metido nun mesto eucaliptal. Grupo de Serrón do Lobo

Composto por un túmulo situado na Portela da Abelleira e catro túmulos no Serrón do Lobo³⁷, dous deles serven de límite provincial.

93.-) Portela da Abelleira (coordenadas UTM 590202'73 – 4801850'54, xeográficas 7° 53' 12"50-43° 21'47"94). Emp.: chaira. Alt.: 662 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 17 Ø x 0'80 m de alto, burato de 3'50 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: bo, pódese ver a coiraza de seixos. Folclore: «...feita polos mouros [...] recorde que había dúas medoñas en liña...».

94.-) Serrón do Lobo - 1 (coordenadas UTM 590517'46 – 4801830'66, xeográficas 7° 52'58"53–43° 21'47"16). Emp.: cume. Alt.: 698 m. Reg.: 350 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 17 Ø x 1 m de alto, burato de 5 N-

S x 3'50 L-O x 0'80 m de profundidade. Est.: regular, ten unha forte violación e pódese ver a coiraza de seixos.

95.-) Serrón do Lobo - 2, coñécese como a Mámoa de Pedro Montero (coordenadas UTM 590561'65 – 4801778'31, xeográficas 7° 52'57"00–43° 21'45"45).

Emp.: cume. Alt.: 697 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 17 NO-SL x 9 NL-SO x 1'20 m de alto. Est.: malo, está moi alterado, cortado polo L por un valado e un camiño. Referencia documental: «...por un marco q se nombra Elmarco de mamua dep^o (pedro) mont^o (montero)...». Este túmulo sirve de linde do coto xurisdiccional do Mosteiro de Monfero coa xustiza de Vilalba³⁹ e na




Fig. 10. Situación dos túmulos no norte da parroquia de Santa María de Xestoso.

37 HERNÁNDEZ SAMPELAYO "El Hierro..." Opus cit. páxs. 557-558.

38 A primeira referencia documental atopámola o 19/08/1574 ARG, fondo Clero Regular, sinatura nova C-729 n° 14, posteriormente aparece documentado en case todos os preitos e apeos que mantivo o mosteiro de Monfero coa xustiza de Vilalba.

39 Especial interese ten o documento atopado no ARG, fondo Preitos da Real Audiencia, atado 19249, n° 36. Nunha visita feita o 16/05/1719 noméanse as mámoas do Serrón do Lobo 1 e 2: «... y muchos Basallos della trataron de Ynquerir qual hera laMamua llamada dePedro Montero Yporq los bassallos de Ambas jurisiones no fueron Conformes Endeclarar qual delas queay eneste Circuito tiene El Referido nombre, seConformaron sus mrdes fuesse Una Mamua (n° 95) Que esta ala Vista de dha Pena do Serron doLobo Entrelas ptes del lebanteY medio dia Entrelaquial Yla Referida Pena Queda otra mamua (n° 94) En los tmos desta Jurison deMonfero q distan una de otras Unas Veintebrasas poco mas omenos Que helixieron por del nombre dePedro Montero mandaron Poner Ysepusso Un marco de Piedrade Lossa Alto aziala pte del Camino queporeste sitio passa desde la fr^a de sstaMaria degermade para la Puentefrey Vermuz tmos desa fr^a deGestosso a Ciua Piedra han puesto dos testigos deseijo blanco Uno alapte del bendaval y otro alnordes Y selean puesto alderredor y aRimado Cantidad de Piedras de seijo blanco y de otros xeneros, de manera q puede serbien conoçido, cuia mamua esta Enlo Alto de dho Serron do Lobo...».

actualidade é a divisoria entre as parroquias de Santa María de Xestoso (Monfero-A Coruña) e San Martín de Piñeiro (Xermade-Lugo).

96.-) Serrón do Lobo - 3 (coordenadas UTM 590521'18 – 4801704'12, xeográficas 7° 52' 58"44 – 43° 21'43"06).

Emp.: cume. Alt.: 696 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 16 Ø x 0'60 m de alto, burato de violación 3'50 x 0'30 m de profundidade. Est.: malo, está achaiado.

97.-) Camposa de Uceira (coordenadas UTM 590660'96 – 4801179'50, xeográficas 7° 52'52"54 – 43° 21'26"00).

Emp.: chaira. Alt.: 640 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 15 Ø x 0'80 m de alto. Est.: malo, está achaiado, pódese ver a coiraza de seixos.

98.-) Mámoa de Xan Rei, é un túmulo situado ó O da estrada que vai do Alto de Xestoso cara As Pontes, preto do cruce que vai para o parque eólico de Sotavento (coordenadas UTM 589272'37 – 4801727'70, xeográficas 7° 53'53"90-43° 21'44"36).

Emp.: ladeira. Alt.: 621 m. Reg.: 150 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación e praderías. Med.: 14 Ø x 1 m de alto, burato de 3 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: regular, pódese ver a coiraza de seixos.

99.-) Rego Sanxan, o túmulo situábase á esquerda da estrada que vai de Alto Xestoso cara As Pontes (coordenadas UTM, 589099'61 - 4801173'14, xeográficas 7° 54'01"90-43° 21'26"46).

Emp.: chaira. Alt.: 626 m. Reg.: 150 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Est.: desapareceu cando amañaron a estrada, no lugar onde se situaba hai unha explanada onde se deixa area e brita.

100.-) Fonte Dola, túmulo situado entre o lugar de Porta Pena e Caulfe (coordenadas UTM 586759'81 – 4801280'05, xeográficas 7° 55'45"76-43° 21'30"91).

Emp.: ladeira. Alt.: 525 m. Reg.: 700 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran grosso. Terr.: praderías. Med.: 27 N-S x 20 m L-O x 1 m de alto. Est.: regular, está cortado polo L polas labores agrícolas.

101.-) Mámoa da Pena Furada, situábase ó SL do lugar de Caulfe de Riba, a escasos metros do cruceiro do Toxal (coordenadas UTM 586881'89 - 4800490'98, xeográficas 7° 55'40"79-43° 21'05"29).

Emp.: portela. Alt.: 556 m. Reg.: 500 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran grosso. Terr.: praderías. Est.: desapareceu fai uns anos para facer unha pradería. Referencia documental: «...*primera demarc^{em} en la Mamua dapena furada dealli ala pena dattumbadoyra Y deella [...]* Camino Ariva, *adelantte sebuelbe aladha mamua dondecomenzo ademarcar...*»⁴⁰. Na actualidade só queda a referencia dada polos veciños da zona.

Grupo de Armada, composto por tres túmulos situados ó N e O do lugar da Armada.

102.-) A Armada -1 (coordenadas UTM 587400'65 - 4800561'35, xeográficas 7° 55'17"71-43 21'07"35).

Emp.: cume. Alt.: 590 m. Reg.: 350 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran grosso. Terr.: pradería. Med.: 11 N-S x 20 L-O x 0'40 m de alto. Est.: malo, achaiado e cortado polo N polas labores agrícolas. Folclore: «...cando eramos rapaces e aproveitando que íamos a lindar o gando, xogabamos a escondernos dentro da medorra e recordo que cabiamos de pe...».

103.-) A Armada - 2 (coordenadas UTM 587442'58 - 4800546'35, xeográficas 7° 55'15"85-43° 21'06"85)

Emp.: cume. Alt.: 589 m. Reg.: 300 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran grosso. Terr.: praderías. Med.: 18 Ø x 0'40 m de alto Est.: malo, achaiado.

104.-) A Armada -3 (coordenadas UTM 587119'15 – 4800324'17, xeográficas 7° 55'30"34-43° 20'59"78).

Emp.: ladeira. Alt.: 581 m. Reg.: 500 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran grosso. Terr.: praderías. Med.: 13 N-S x 20 L-O x 0'20 m de alto. Est.: moi malo, encóntrase case desaparecido e cortado polo N polas labores agrícolas.

105.-) Pena da Egua⁴¹, túmulo situado ó S do parque eólico de Sotavento (coordenadas UTM 590340'43 – 4799088'36, xeográficas 7° 53'08"02-43° 20'18"36).

40 ARG, fondos Preitos da Real Audiencia, atado 254, nº 29, datado o 22/09/1723.

41 HERNÁNDEZ SAMPELAYO "El Hierro..." Opus cit. pág. 557 «*Momán (en un vértice o próxima).*- *Frente al fin de la carretera (Monte d'a Cernada)*» e na pág. 561 «...*junto al vértice de la Cernada...*».

Emp.: ladeira. Alt.: 680 m. Reg.: 650 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 18'50 N-S x 11'50 L-O x 0'60 m de alto. Est.: regular, está cortado polo L por un valado que divide o concello de Monfero (Coruña) do de Xermade (Lugo).

Grupo de Pico da Meda:
Está formado por dous túmulos, ó L e SL do lugar de Pico da Meda⁴².
106.-) Pico da Meda (coordenadas UTM 587588'56 – 4798557'01, xeográficas 7° 55'10"51-43° 20'02"31).

Emp.: chaira. Alt.: 553 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 14 Ø x 1'10 m alto, burato de violación 3 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: bo. Folclore: “A fixeron os romanos, que eran os que facían estas cousas. Non recordo que tivera chantos”.

107.-) Fonte Verde (coordenadas UTM 587594'67 – 4798074'68, xeográficas 7° 55'10"52-43° 19'46"68).
Emp.: cume. Alt.: 551 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 18 Ø x 1'20 m de alto, burato de violación de 4 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: bo, pódese ver a coiraza de seixos.

Grupo de Penedo Xoquín:

Está formado por cinco túmulos ó SL do lugar de Guilfonso⁴³.

108.-) Cal das Chousas (coordenadas UTM 586459'07 - 4797071'84, xeográficas 7° 56'01"50-43° 19'14"65).

Emp.: ladeira. Alt.: 462 m. Reg.: 100 m. Sust.: metagrauvas feldespáticas, ollo de sapo de gran fino. Terr.: monte baixo e arborado de repoboación. Med.: 20 Ø x 0'50 m de alto. Est.: malo, está achaiado e atravesado por un camiño.

109.-) Penedo Xoquín - 1 (coordenadas UTM 586586'13 - 4797028'27, xeográficas 7° 55'55"89-43° 19'13"19).

Emp.: ladeira. Alt.: 470 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 12 N-S x 3'5 L-O x 1 m alto. Est.: malo, está cortado pola pista, soamente se conserva o 20% do túmulo.

110.-) Penedo Xoquín - 2 (coordenadas UTM 586639'24 - 4797003'09, xeográficas 7° 55'53"55-43° 19'12"35).

Emp.: outeiro. Alt.: 480 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo e arborado de repoboación. Med.: 17 Ø x 0'80 m de alto, burato de 3 Ø x 0'20 m de profundidade. Est.: bo, pódese ver a coiraza de seixos.

111.-) Penedo Xoquín - 3 (coordenadas UTM 586632'78 - 4797047'49, xeográficas 7° 55'53"81-43° 19'13"79).

Emp.: outeiro. Alt.: 481 m. Reg.: 150 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 14 Ø e unha altura que oscila entre 0'30 e 1 m. Est.: malo, está moi achaiado. No centro sobresa a punta dun posible esteo (40 cm de alto).




Fig. 11. Situación dos túmulos no sur da parroquia de Santa María de Xestoso.

42 HERNÁNDEZ SAMPELAYO “El Hierro...” Opus cit., probablemente se trate das dúas mámoas nos cordais en Santabaia de Xestoso (o Madoña de), páxs. 557-561.

43 VAQUERO LASTRES, 1991-2 “Del análisis...”, *Brigantium* 1991-92, 7: 153, identificamos como o nº 81 do plano o túmulo 108 e co nº 66 o túmulo 110.

112.-) Penedo Xoquín - 4 (coordenadas UTM 586904'68-4796973'98, xeográficas 7° 55' 41" 78-43° 19' 11" 29).

Emp.: ladeira. Alt.: 512 m. Reg.: 250 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 15 Ø x 0'60 m de alto. Est.: regular, está bastante achaiado debido á repoboación forestal.

Grupo da Serra Loba:

Aínda que aquí o presentamos coma un so grupo, trátase de varios túmulos espallados polo lombo da Serra Loba⁴⁴, que describiremos de NL a SO, que teñen continuidade cos túmulos nº 84 e 85 anteriormente descritos. Todos eles forman o linde entre os concellos de Monfero (A Coruña) e Guitiriz (Lugo) e no verán de 2004 víronse afectados pola remodelación dun cortalumes que recorre a dorsal da Serra (v. Anexo).



Foto 1. Situación actual de Pena Medoña-1.

113.-) Pena Medoña - 1 (coordenadas UTM 588946'86 - 4797481'27, xeográficas 7° 54' 10" 83-43° 19' 26" 88).

Emp.: cume. Alt.: 673 m. Reg.: 250 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: repoboación forestal e cortalumes. Med.: 24 N-S x 12'5 L-O x 1'50 m de alto. Est.: malo, falta case a metade L do túmulo debido á renovación do cortalumes. Pódese ver o que probablemente son os esteos de lousa da cámara partidos e os restos da coiraza de seixos esboroadada polo cortalumes (foto 1).

114.-) Pena Medoña - 2 (coordenadas UTM 588844'58 - 4797375'79, xeográficas 7° 54' 15" 43-43° 19' 23" 50).

Emp.: cume. Alt.: 674 m. Reg.: 150 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: cortalumes. Est.: está practicamente desaparecido polas continuas remodelacións do cortalumes. Tan só se pode ver polo N unha pequena parte da coiraza.

115.-) Cal de Gatelle (coordenadas UTM 588452'23 - 4796516'19, xeográficas 7° 54' 33" 35-43° 18' 55" 81).

Emp.: chaira. Alt.: 669 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 14 Ø N-S x 7 L-O x 0'40 que no corte se converten en 1'30 m de alto. Est.: malo, está cortado á metade polo O polo mesmo cortalumes que os túmulos anteriores. No corte apréciase claramente a coiraza de seixos e dous posibles esteos de lousa. A parte do túmulo que se conserva está na provincia de Lugo.

116.-) Cruz de Brais (coordenadas UTM 587926'99 - 4795949'13, xeográficas 7° 54' 56" 99-43° 18' 37" 65).

Emp.: cume. Alt.: 678 m. Reg.: 600 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 23 Ø x 2'20 m de alto, burato de 1'50 de Ø x 0'70 m de profundidade. Est.: bo, a pesar de que unha gabia o corta lonxitudinalmente e as obras do cortalumes retiraron parte de masa tumular polo O, de xeito que queda ó descuberto parte da coiraza de seixos. No interior do burato alberga unha cámara dolménica composta por 6 esteos visibles (foto 2). Non se conserva a tapa da cámara.

117.-) Pena dos Cervos (coordenadas UTM 587554'30 - 4795725'93, xeográficas 7° 55' 13" 66-43° 18' 30" 57).

Emp.: cume. Alt.: 674 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: cortalumes. Med.: 20 Ø x 0'50 m de alto. Est.: malo, situado no medio do cortalumes, está achaiado polos continuos traballos de acondicionamento do mesmo.

118.-) A Torre (coordenadas UTM 587414'12 - 4795586'89, xeográficas 7° 55' 19" 96-43° 18' 26" 12)

Emp.: cume. Alt.: 684 m. Reg.: 500 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: cortalumes. Med.: 20 N-S x 13 L-O x

44 HERNÁNDEZ SAMPELAYO "El Hierro..." Opus cit. páxs. 557, 561 e 565 probablemente se trate das mámoas da «Loba, Alto d'a Ría e Pena Maior».

VAQUERO LASTRES, 1991-2 "Del análisis...", *Brigantium* 1991-92, 7: 153, identificamos como o nº 64 do plano o túmulo 113, co nº 63 o túmulo 114, co nº 62 o túmulo 116, co nº 61 o túmulo 117 e co nº 60 o túmulo 118.

0'40 m. Est.: malo, ó igual que o anterior está situado no medio do cortalumes e polo tanto achaiado polas continuas obras de acondicionamento do mesmo. Nesta parroquia encontramos unha referencia documental que posiblemente se refira a un túmulo que non foi localizado nas estribacións da Serra Loba, ó O do lugar de Dureixa: «...y adar ala fuente dosseixo blanco y adar o montillon pequeno y como sse va viene ariva al seyxo Blanco da caveza demarina martiz...»⁴⁵. Esta información coincide xeograficamente con outra referencia bibliográfica dada por H. Sampelayo⁴⁶: «Balado (Costa d'o)-Loma unida a la Loba- Tres? mámoas», «En la costa de Balado y en el monte de Malde (500), antes de llegar a la Loba, dibujan su perfil en lo alto varias mámoas». Creemos que posiblemente se trate dos mesmos túmulos.



Foto 2. Cámara do túmulo nº 116.
Cruz de Brais.

Tampouco localizamos o túmulo que figura como nº 80 no plano dado por Vaquero⁴⁷ e que se encontraría nas inmediacións de Ponte Guilfonso.

Existen tamén referencias orais dun túmulo na zona de Malde Filgueiras⁴⁸ e outros dous entre O Batán e o Salto do Coello.

IV - CONSIDERACIÓNS ARQUEOLÓXICAS

Nesta análise sobre o fenómeno tumular no concello de Monfero localizamos 118 túmulos, deles 7 na actualidade están destruídos e tan só temos constancia do lugar no que se situaban. Tamén hai referencias doutros 25 posibles túmulos, 4 deles por referencias documentais-bibliográficas e os 21 restantes por referencias orais, máis o menos fiables. Se estas referencias orais son certas, significaría que habería como mínimo un 20% máis de túmulos dos que aquí se mencionan. E na nosa opinión esta cifra amósasenos máis ben escasa.

Dito isto, non se poden facer unhas conclusións definitivas. Así que cos datos que temos nestes momentos á nosa disposición imos ofrecer unha análise estatística dos túmulos localizados, aínda que hoxe xa desapareceran.

Dende o punto de vista do seu emprazamento e o seu entorno, podemos dicir que existe unha clara tendencia ó emprazamento dos túmulos nas zonas chairas. Atopamos 51 deles (43'20 %) enclavados nestas zonas, seguidos de 32 túmulos que se sitúan en ladeira (27'12 %), 20 en cume (16'95 %) e 15 noutros emprazamentos (12'71 %).

A orografía suave de Monfero permite que se localicen 46 túmulos en cotas entre 460 e 560 m de altitude (38'98 %), a continuación hai 21 túmulos entre as cotas de 360 a 410 m (17'80 %), e o resto en cotas que varían dende os 290 a 700 m.

Por outra parte, fixemos unha superposición dos mapas de túmulos sobre os mapas xeolóxicos, coa finalidade de coñecer o substrato xeolóxico sobre o que se asentan os túmulos. Os resultados foron os seguintes: 55 túmulos en terreo de filitas e xistos (46'61 %), 27 en terreo granítico (22'88 %), 20 en terreo de cuarcitas e cuarxostos (16'95 %), 9 en terreo de gneises porfíroides (7'62 %) e 7 en terreo de metagrauvas feldespáticas (5'94 %).

45 ARG, Preitos Real Audiencia, atado 94, nº 50, datado o 17/02/1662.

46 HERNÁNDEZ SAMPELAYO "El Hierro..." Opus cit. páxs. 557-564.

47 VAQUERO LASTRES, "Del análisis...", *Brigantium* 1991-92, 7: 153.

48 «...había unha mámoa que foi esnaquizada para facer unha pradería [...] era un refuxio dos mouros...».

Se ben non cremos que exista unha relación entre o asentamento do túmulo e o substrato xeolóxico, a tenor dos datos expostos podemos concluír que parece clara a tendencia a situalos en terreos de filitas e xistos. Nesta conclusión hai que ter en consideración que descoñecemos as extensións de terreo dos distintos tipos de substratos xeolóxicos, polo que non podemos ofrecer unha análise completa. Sirva como exemplo que o substrato granítico tan só se pode encontrar nunha pequena franxa situada no O do concello e nela sitúanse o 22'88 % dos túmulos localizados, polo que a porcentaxe con respecto ós outros tipos de substratos sería moi superior.

Tamén se pode dicir que existe unha clara vinculación dos túmulos coas vías de tránsito, xa que, en maior ou menor medida, todos os túmulos están situados nas proximidades dun camiño ou portela. En concreto hai 28 (23'73 %) que están cortados por un camiño, pista ou estrada. Pero a vinculación dos mesmos cos camiños antigos ou camiños reais estaríanos dando unha información parcial sobre o conxunto do fenómeno tumular, xa que neste concello algún dos camiños antigos serve de linde entre concellos, polo que soamente estaríamos a reflexar os túmulos que se encontraran a un lado do camiño.

A relación dos túmulos cos recursos hídricos indícanos que a maioría deles están situados a unha distancia aproximada que oscila entre os 100 e 400 m (84 túmulos - 71'86 %). E tan só dous túmulos están a menos de 100 m dun regato ou manancial e tres deles a unha distancia superior a 700 m.

En canto ás consideracións propias dos xacementos (aquí só computamos os 111 que existen hoxe en día) podemos dicir que máis da metade dos túmulos miden nun dos seus eixes entre 14 e 18 m (58 túmulos - 52'25 %), mentres que son moi escasos os túmulos de menos de 11 m, dos que hai soamente tres, ó igual que os de dimensións superiores ós 30 m, que hai cinco.

Por outra parte a medida da altura é moi relativa por atoparse a maioría dos xacementos achaiados, sobre todo polas labores agrícolas. Aínda así podemos constatar que hai 19 túmulos (17'11 %) que conservan unha altura superior a 1'50 m e incluso 5 túmulos pasan dos 2'20 m. Ademais cremos que existe unha relación directa entre os túmulos que conservan máis altura e o feito de atoparse nunha zona de paso ou portela.

Se ben a práctica totalidade dos xacementos presenta burato de violación, tan só 14 túmulos (12'61 %) conservan restos ortostáticos, sendo o nº 116 (Cruz do Brais) o único no que se pode ver unha cámara aberta, sen tapa. No resto tan só se ven un o dous esteos.

En canto ás referencias documentais, localizamos só 19 túmulos (16'10 %). Esta escaseza aclárase polas propias características dos documentos: privilexios, apeos, foros, preitos, etc... nos que tan só se nomea o túmulo que fai de límite e só en casos excepcionais, a modo de aclaración ou dúbida, se nomean os túmulos que se atopan á beira do que serve de límite. Deste xeito vemos como a Mámoa de Pedro Montero (nº 95) aparece nomeada dende 1574 ata ó século XIX, en máis de 30 documentos, mentres que soamente nun documento aparece un segundo túmulo (nº 94) que se atopa a escasos metros (v. nota 38).

Tamén se da o caso de que nos documentos máis modernos, o túmulo deixou de servir de referencia como linde para evitar a confusión que podía xerar o feito de que houbera máis dun túmulo na mesma zona e se dubidase cal deles facía de límite. Nese caso o túmulo é substituído como referencia por un marco ou unha pena, como é o caso da Serra de Queixeiro onde se nomea un marco (como referencia moderna ou precisa) en 12 documentos e tan só nun documento se aclara que está xunto a dúas mámoas: «...seba aun marco que esta enzima del lugar de candedo junto ados mámoas i de allí derecho...»⁴⁹.

49 Apeo datado o 03/11/1669. ARG, fondo privados-eclesiásticos, sinatura C-460, páx. 9-v.

Outro caso é aquel no que se nomean os túmulos como colectivo, sen precisar cantos hai, polo que na actualidade é difícil saber por onde iría o límite. Isto podemos velo no *Catastro del Marqués de la Ensenada*, en referencia á parroquia de Santa María de Vilachá: «...Marco quellaman lasierra de Queijeiro desde este aldela Mamuas devite, desde este aldela Penas deyedra...»⁵⁰ e simultaneamente, no mesmo *Catastro* referíndose a parroquia limítrofe de San Xurxo de Queixeiro, omítense as mámoas: «...Deallí alsitio daserra y Marco de division q^e enel hay; Deste ala Puente dePedrerbe...»⁵¹.

Os casos mencionados lévannos a supoñer que moitas das referencias documentais nomeadas que serven como marcos nos apeos e deslindes implicitamente se refiren ós túmulos.

Na actualidade, neste concello hai 62 túmulos (52'54 %) que se utilizan como linde de fincas e 31 túmulos (26'27 %) que serven como límite parroquial. Non obstante non podemos considerar este dato como fiable. No primeiro caso é evidente que o linde de fincas actual nada ten que ver co linde de fincas dos lugares antigos. No segundo caso, se existe algunha relación entre as mámoas e o límite das parroquias, esta teríase que aplicar á antiga división parroquial (s. XI-XII), da cal descoñecemos parte dos seus límites. O que si podemos afirmar é que a división actual é bastante distinta da antiga. Das parroquias máis occidentais: Taboada, Queixeiro e Vilachá, non temos constancia de que fora modificado o seu territorio. Pero non sucede o mesmo coas parroquias centrais: San Fiz e Santa Xiá de Monfero, que se anexionaron parte de *Sancti Pelagii d'Eigon*, parroquia que desapareceu no s. XII sendo repartido o seu territorio entre as dúas anteriores e a de San Lourenzo de Irixoa. No caso das máis orientais, no s. XII existían tres parroquias: Santabaia de Dureixa, Santabaia de Xestoso e Santa María de Villa Plana de Xestoso, que posteriormente foron unificadas no s. XIII nunha soa parroquia que pasouse a denominar Santa María de Xestoso. Xa no s. XX, volveuse modificar para dividila nas dúas parroquias que hai actualmente: Santa María de Xestoso e San Pedro do Val de Xestoso.

Pero debemos ter en conta que no s. XII todas as parroquias estaban englobadas dentro do coto xurisdiccional do mosteiro de Santa María de Monfero e do denominado Coto Pequeno, pertencente a Caaveiro. Deles coñecemos os seus límites a través dos privilexios reais que hoxe se conservan e estes límites correspóndense cos límites exteriores das parroquias. Así pois, os achados realizados é a documentación existente, permítennos constatar o vencellamento do fenómeno tumular co límite periférico do coto xurisdiccional; límite que coincidiría en parte cos límites L e O do actual concello e por tanto co exterior das parroquias co conforman.

ANEXO-I

Como se pode ler neste artigo, o concello de Monfero perdeu co paso dos anos como mínimo máis do 20 % dos túmulos que se asentaban nas súas terras. Sería moi simple dicir que esta lacra, directamente ligada ó desenvolvemento e industrialización do rural galego, foi motivada pola ignorancia das xentes, que non souberon valorar ou descoñecían o significado destes xacementos. Isto podería ter unha explicación na falta total e absoluta

50 Pregunta 3 do Interrogatorio correspondente á parroquia de Santa María de Vilachá, ARG, *Catastro del Marqués de la Ensenada*, libro 160, folio 4283r.

51 Pregunta 3 do interrogatorio correspondente á parroquia de San Xurxo de Queixeiro, ARG, *Catastro del Marqués de la Ensenada*, libro 160, folio 3389r.



Foto 3. Túmulo, Peña Medoña-1 (nº 113).

de información sobre a protección legal aplicada os túmulos. Información da que carecen os propietarios dos terreos, en moitos casos por lasitude administrativa.

Non obstante, na última década fixéronse varios estudos que, en maior ou menor medida, deberían protexer estes e outros xacementos: o emprazamento do fenómeno tumular que cubre o L do concello (VAQUERO 91-92), a prospección derivada do gasoduto (L AFC-1998) e aquela derivada do parque eólico que se encontra en construción dende o ano 2004, así como a propia catalogación arqueolóxica do Concello (ADÓBRICA-1998). Nada máis lonxe da realidade, precisamente é nesta década cando temos constancia de que este proceso de perda grande e irreparable sofre un proceso de maior aceleración coa destrución dunha cantidade importante de túmulos que a continuación imos relacionar.

En primeiro lugar nomearemos aqueles que seguen a sufrir o mesmo proceso de destrución que antano producían as labores agrícolas e forestais realizadas polos particulares e que levaron a desaparecer totalmente os túmulos nº 67, 74 e o pouco que quedaba do nº 101. Se ben sería imposible poder cuantificar as distintas alteracións que sufriron e sofren os restantes túmulos do concello, si temos observado que os nº 20, 22, 82, 92, 102, 103 e 104 viron rebaixada notablemente a súa altura por esas labores.

Á marxe das propias labores agrícolas, tamén foron cortados o nº 76 polas obras dunha traída de auga (ano 2001-2002) e o túmulo nº 95 pola construción dun almacén para o forraxe e un camiño no lado do concello de Momán.

En segundo lugar nomearemos aqueles nos que a alteración ou destrución se produce pola construción da rede viaria de pistas do parque eólico. Esa rede construída a partir do ano 2004 na zona limítrofe dos concellos de Monfero, Irixoa e Aranga (Pico Vales-Serra de Moncoso) motivou o corte á metade do túmulo nº 84 e parte do nº 70. Esa mesma rede destruíu totalmente un túmulo situado fronte o Peón de Ferreiros no concello de Irixoa e, no momento da paralización das obras, estaban en grave perigo de destrución outros dos túmulos no linde dos concellos de Irixoa e Aranga.



Foto 4. Túmulo do Cal do Gatelle (nº 115).

Por último mencionar as máis absurdas e incompresibles das destrucións que son as feitas pola propia Administración (neste caso a Consellería de Agricultura), quen coas obras de remodelación e conservación do cortalumes que vai polo cordal da Serra Loba, estivo achaiando co pasar dos anos os túmulos que se situaban neste cordal. Neste ano 2004 fixo desaparecer o túmulo nº 114, cortou a metade os nº 113 (foto 3) e 115 (foto 4) e volveu a achaiar os túmulos nº 117 e 118 (foto 5). O único que se salvou de tan absurda destrución foi o nº 116, que “tan so” perdeu parte da masa tumular (foto 6). O peor deste caso é que esa destrución era totalmente previsible e polo tanto evitable. Pero incluso nos tememos que se non se toman as medidas oportunas esta non será a última vez que os túmulos se vexan agredidos, xa que o cortalumes é remodelado periodicamente para manter a súa función protectora do lume e ironicamente destructora para o patrimonio histórico.



Foto 5. Túmulo de A Torre (nº 118).



Foto 6. Túmulo Cruz de Brais (nº 116).

Este tráxico balance non parece chegar ó seu final, xa que é precisamente neste último ano cando máis destrucións se produciron. Á vista destes datos, as administracións pertinentes deberían tomar as medidas de coordinación oportunas para evitar, na medida do posible, a destrución de novos xacementos.